



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Literatura Galega Contemporánea 2	Código	613G02036		
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es		
Profesorado	Fernandez Perez-Sanjulian, Carme	Correo electrónico	carme.fernandez.perez-sanjulian@udc.es		
Web	www.udc.es/filo				
Descrición xeral	Estudo das principais etapas, movementos literarios, así como das autoras e autores máis representativos da Literatura Galega do século XX.				
Plan de contingencia	1. Modificacións nos contidos Non hai 2. Metodoloxías: *Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas. *Metodoloxías docentes que se modifican As sesións maxistras e os obradoiros realizaranse a través de Teams. 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico: carme@udc.gal 4. Modificacións na avaliación Non hai *Observacións de avaliación: A proba de ensaio será realizada a través da plataforma moodle. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai modificacións.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.



A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A27	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Analisar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B5	C4
	A4	B7	
	A10		
	A11		
Coñecer e aplicar diferentes métodos e técnicas de análise á produción literaria e cultural galega do século XX.	A1	B1	C1
	A2	B3	C4
	A3	B7	C6
	A4		
	A7		
	A11		
	A14		
	A15		
	A17		
A23			



Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e as súas mudanzas de paradigma	A1 A4 A7 A10 A11 A14 A17 A19 A23 A27	B3 B5 B8 B10	C1 C4 C7
Aplicar as técnicas de análise cultural, considerando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A15 A17	B4 B5 B7 B9	C1 C7
Adquirir as habilidades necesarias para analizar e interpretar os mecanismos da creación literaria.	A1 A2 A4 A10 A11 A15 A17	B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8	C1 C6 C8
Coñecer e valorizar a diversidade cultural, con especial atención ao ámbito galego-portugués.	A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27	B1 B3 B4 B5 B8 B10	C1 C4
Saber realizar unha análise crítica da literatura e os discursos como un medio de construción da feminidade e da masculinidade, así como dos roles e estereotipos de xénero asociados a estas identidades nas diferentes épocas.	A2 A4 A10 A11 A14 A15	B3 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6
Saber empregar o xénero e a sexualidade como categorías de análise das representacións da subxectividade inscritas nos textos literarios.	A2 A4 A10 A11 A14 A15	B3 B5 B7 B8 B9 B10	C1 C4 C6

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



1.- Introducción xeral á literatura galega do séc. XX	1.1.- Caracterización xeral. Periodización 1.2.- Cuestións metodolóxicas
2.- O segundo renacemento	2.1.- As liñas de actuación cultural das Irmandades: ampliación e consolidación do sistema literario 2.2.- Da “Xeración do 16” ao grupo Nós: caracterización e problemas. 2.2.1.- Principais autores. Análise de textos representativos 2.3.- Á procura da renovación temática e formal. As vangardas e a súa influencia. 2.3.1.- Principais autores. Análise de textos representativos
3.- A literatura de posguerra e o exilio ás dúas beiras do Atlántico: continuidade e ruptura	3.1 Guerra civil e posguerra na Galiza. 3.2. A literatura e cultura galegas na emigración e no exilio. 3.2.1. Principais autores e autoras. Análise de textos representativos
4.- A recuperación literaria no interior a partir de 1950	4.1. A reconstrución do sistema literario: axentes editoriais e actividade cultural. Grupos, movementos e autoras e autores 4.2.- Continuidade e innovación na literatura da década de 60 4.2.1.-Principais autores e autoras. Análise de textos representativos 4.3.- Renovación da linguaxe poética, narrativa e teatral na década de 70 4.3.1.- Principais autoras/es. Análise de textos representativos
5.- Da década de oitenta á actualidade	5.1 Diversificación xenérica. Grupos, movementos, autoras e autores. 5.2 A irrupción das autoras e a apertura a novos discursos. 5.3. Análise de textos representativos

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A23 A27 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4	2	20	22
Lecturas	A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B5 B7 B8 C4 C6 C8	0	15	15
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A10 A11 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1	2	4	6
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A15 A11 B9 C1 C6	2	25	27
Actividades iniciais	A1 A23 B6	1	1	2
Discusión dirixida	A3 A7 A14 A2 A4 A10 A14 A15 B3 B5 B7 B8 B10 C4	6	2	8
Recensión bibliográfica	A17 B1 B6 C2	2	7	9
Seminario	A4 A11 B3 C2 C6	6	12	18
Presentación oral	A1 A3 A4 A15 A17 B1 C2	1	11	12



Sesión maxistral	A1 A3 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B2 B5 B7 B9 B10 C4 C6 C7 C8	10	13	23
Atención personalizada		8	0	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A profesora iniciará a análise e o comentario das obras literarias incluídas na programación e solicitará do alumnado a realización de comentarios individualizados segundo as pautas establecidas.
Lecturas	O alumnado deberá realizar a lectura das obras literarias obrigatorias. As lecturas representan, xunto ás prácticas de comentario, unha das actividades principais do curso e, como tal, serán avaliadas.
Proba mixta	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.
Traballos tutelados	Traballo individual sobre algunha das obras de lectura obrigatoria, seleccionada entre a profesora e cada estudante no inicio do curso. O tema, características e dimensións serán acordados coa profesora na aula, nas horas de atendimento ou a través do correo carne@udc.gal.
Actividades iniciais	Presentación e aprendizaxe de uso das plataformas dixitais da literatura galega contemporánea.
Discusión dirixida	Comentario colectivo realizado a partir dos textos literarios seleccionados pola profesora e que estarán a disposición do alumnado na plataforma Moodle.
Recensión bibliográfica	Traballo individual realizado na aula sobre unha ou varias obras.
Seminario	Traballo en grupo reducido en torno ás obras de lectura e/ou textos seleccionados pola profesora.
Presentación oral	Presentación oral individual da mesma obra escollida para a realización do traballo tutelado. Previa á exposición na aula, o/a estudante terá que ter entregado unha breve ficha de lectura e un esquema da exposición. Esta poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio.
Sesión maxistral	Sesións teóricas presenciais en que se presentarán os puntos principais dos contidos da materia, como punto de partida para o traballo posterior do alumnado. O coñecemento dos contidos desenvolvidos nestas sesións será esixido para a superación do curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas Análise de fontes documentais Proba mixta	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos ou destrezas. A profesora encargárase de recibir e asesorar o alumnado en todas as cuestións que lle formular; ao tempo tratará en todo momento lle facer as observacións, indicacións puntuais bibliográficas, etc que puideren ser do seu interese. Esta atención personalizada tamén está contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudantado matriculado para se examinar na oportunidade adiantada de decembro.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Lecturas	A3 A4 A7 A10 A11 A14 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B5 B7 B8 C4 C6 C8	O control das lecturas poderá realizarse mediante a entrega dos resumos ou fichas, mediante exposición oral ou cunha parte específica dentro da proba mixta.	10
Presentación oral	A1 A3 A4 A15 A17 B1 C2	A/o estudante exporá na clase, durante un tempo mínimo de 15 minutos e un máximo de 25, un comentario sobre a obra obxecto do seu traballo individual. A exposición poderá ser completada coa utilización de material audiovisual de apoio. Previamente terá que ter entregado unha breve ficha de lectura e un esquema da exposición.	15
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A14 A15 A17 A23 A27 B1 B2 B3 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4	Os comentarios de textos que o alumnado realice na aula ou na casa poderán ser recollidos e avaliados ao longo do curso ou ben serán incluídos como unha parte específica dentro da proba mixta.	20
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A7 A10 A11 A15 A17 A19 A23 A27 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B8 C1	Proba escrita en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos e que combinará actividades de carácter ensaístico, de análise de fontes e de control de lecturas.	40
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A10 A11 A15 A11 B9 C1 C6	Traballo individual sobre unha das lecturas obrigatoria. A súa temática debe ser comunicada á profesora e na aula serán dadas as explicacións pertinentes sobre as súas dimensións, características e o sistema de citación que debe ser empregado.	15

Observacións avaliación

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación.

O alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado. Asemade, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal...). As deficiencias lingüístico-expositivas serán penalizadas na cualificación.

SEGUNDA OPORTUNIDADE (XULLO)

Aquel alumnado que non superase a materia con anterioridade, terá que presentar/realizar as actividades avaliábeis non superadas ou non presentadas anteriormente. A data límite de entrega será a marcada para o exame do mes de xullo.

ALUMNADO A TEMPO PARCIAL OU CON DISPENSA ACADÉMICA O alumnado que estea matriculado a tempo parcial ou que conte con dispensa académica deberá poñerse en contacto coa profesora (carne@udc.gal) para fixar os traballos que debe presentar, ademais de realizar as lecturas e a proba mixta. **AVALIACIÓN DA OPORTUNIDADE ADIANTADA DE DECEMBRO** Nesta oportunidade adiantada cada alumno/a será avaliado/a mediante unha "Proba mixta" que terá lugar na data oficial marcada pola Facultade de Filoloxía. **NON PRESENTADO/A**

Considerarase como NON PRESENTADO/A o/a alumno/a que non entregue os traballos marcados ou non realice a proba escrita. **OUTRAS PRECISIÓNS** Todas as actividades ou probas deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado en Moodle).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Fontes de información



<p>Bibliografía básica</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Asociación Socio-Pedagóxica Galega (ed.) (1996). Historia da Literatura Galega 5 vols.. Vigo: A Nosa Terra - Bernárdez, Carlos L. et alii (2001). Literatura galega S. XX. Vigo: A Nosa Terra - Carballo Calero, Ricardo (1981). Historia da Literatura Galega Contemporánea. Vigo Xerais - Pena, Xosé Ramón (2019). Historia da literatura IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Vigo Xerais - Pena, Xosé Ramón (2013). Historia da Literatura III. De 1916 a 1936. Vigo: Xerais - Rodríguez Sánchez, Francisco (1990). Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación . Vilaboa: Ed. do Cumio - Tarrío, Anxo (coord.) (). Galicia. Literatura (vols. XXXII-XXXIV) . A Coruña:Hércules de edicións - Tato Fontaiña, Laura (1999). Historia do Teatro Galego. das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra - Vilavedra, Dolores (1999). Historia da Literatura Galega. Vigo: Galaxia - Vilavedra, Dolores (coord.) (1995-2000). Dicionario da Literatura Galega. Vigo: Galaxia <p>OBRAS DE LECTURA OBRIGADA: - Ramón Cabanillas: Da terra asoballada - Ramón Otero Pedrayo: Arredor de si</p> <ul style="list-style-type: none"> - Alfonso R. Castelao: Retrincos - Manuel Antonio: De catro a catro - Celso Emilio Ferreiro: Longa noite de pedra - Antoloxía poética elaborada na aula a partir de poemarios publicados na década de 60- Álvaro Cunqueiro: As crónicas do sochantre ou O incerto señor Don Hamlet - Xohana Torres: Un hotel de primeira sobre o río- Eduardo Blanco-Amor: Xente ao lonxe- Xosé Luis Méndez Ferrín: Con pólvora e magnolias- Antoloxía poética elaborada na aula a partir a partir de poemarios publicados na década de 80- Mª Xosé Queizán: A semellanza-Pilar Pallarés: Tempo fósil- Unha obra narrativa publicada despois de 1990 de AUTORÍA FEMENINA, elixida por cada estudante a partir dunha listaxe proporcionada pola profesora ao inicio do curso. Sobre esta obra versará o traballo tutelado e a presentación oral.
<p>Bibliografía complementaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Biscaíño, Carlos e Lourenço, Cilha (2002). O ideario teatral das Irmandades da Fala. Estudio e antoloxía. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña - Blanco, Carmen (1995). Literatura galega da muller. Vigo: Xerais - Blanco, Carmen (1995). Nais, damas, prostitutas e feirantas . Vigo: Xerais - Carvalho Calero, Ricardo (1989). Estudos e ensaios sobre literatura galega. A Coruña: Edicións do Castro - Castelao, Manuel (2009). Novoneyra. Celso Emilio. Os Eidos. Longa noite de pedra. Santiago de Compostela: Laiovento - Domínguez Alberte, Xoán Carlos (). "A diversificación do xénero narrativo dende 1975", en Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Fernández Pérez-Sanjulián, Carne (2003). A Construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo. Vigo: A Nosa Terra - Forcadela, Manuel (1998). "A narrativa galega contemporánea: 1800-1975. Unha perspectiva", en Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia - Forcadela, Manuel (2009). Sete leccións de poesía. A Coruña: Espiral Maior - García Negro, Mª Pilar (2001). Arredor de Castelao. Vigo: A Nosa Terra - González Fernández, Helena (2005). Elas e o paraugas totalizador: escritoras, xénero e nación. Vigo Xerais - González Millán, Xoán (2000). Resistencia cultural e diferenza histórica. Barcelona: Sotelo Blanco - Marco, Aurora (2007). Dicionario de Mulleres Galegas. Das orixes a 1975 (Vigo: A Nosa Terra).. Vigo: A Nosa Terra - Marco, Aurora (2020). Irmandiñas. Santiago de Compostela: Laiovento - Pena Presas, Montse (2018). Feminismos e literatura infantil e xuvenil en Galicia. Santiago de Compostela: Laiovento - Rodríguez, Francisco (1993). Eduardo Blanco Amor. O desacougo da nación negada. Vilaboa: Edicións do Cumio - Rodríguez Fer, Claudio (1989). Poesía galega. Crítica e metodoloxía. Vigo Xerais - Vilavedra, Dolores (2007). ?Unha achega ao discurso narrativo de autoría feminina?.. Madrygal,10. <p>A profesora facilitará, a través da plataforma Moodle, a bibliografía e os recursos bibliográficos complementarios pertinentes para cada un dos temas e cada unha das obras obxecto de estudo nesta materia.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Literatura Galega/613G02012

Literatura Galega Contemporánea 1/613G02024

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Poesía en Lingua Galega e Portuguesa/613G02043

Narrativa e Ensaio en Lingua Galega e Portuguesa/613G02046

Teatro en Lingua Galega e Portuguesa/613G02047

Observacións

Para calquera dúbida, poden pórse en contacto coa profesora, persoalmente en horario de atención ao alumnado, ou concertando cita previa no enderezo electrónico: carne@udc.gal

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías